

Tradicionalmente foron as mulleres as que se ocuparon das tarefas domésticas e de todas aquelas relacionadas co coidado das persoas dependentes. Na maioría dos casos estas tarefas ocupaban toda a xornada e non se compatibilizaban co traballo fóra do fogar pero actualmente, coa incorporación da muller ao mercado laboral e ao traballo remunerado, as xornadas duplícanse e mesmo triplicáanse afondando na desigualdade entre homes e mulleres.

Neste momento de cambio social e económico cada vez está máis asumido por todos e por todas que se queremos unha sociedade máis xusta, democrática e igualitaria é hora de asumir de maneira compartida e equilibrada as responsabilidades familiares e laborais e, para pasar da teoría á práctica, ofrecemos estes cursos que pretenden rachar cos repartos tradicionais do traballo para obter un beneficio mutuo e que todos e todas pasemos á acción na procura dunha sociedade máis igualitaria.

Iolanda Veloso Ríos
CONCELLEIRA DELEGADA DE IGUALDADE

IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo 2009-2012

www.igualdadevigo.org

SERVIZOS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN ÁS MULLERES

CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE VIGO
Praza do Rei 1. Planta 1ª da Casa do Concello. 36202 Vigo
Tlf.: 986 810 284. Fax: 986 430 082
www.igualdadevigo.org

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER
Rúa Romil 20. 36211 Vigo. Tlf.: 986 293 963. Fax: 986 201 153

SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA
Rúa Romil 20. 36211 Vigo. Tlf.: 986 293 963. Fax: 986 201 153

CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO
Aberto as 24 horas do día.
Información a través do teléfono municipal de atención 24 horas: 986 293 963

ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS
Rúa Oliva 12. 36202 Vigo. Tlf.: 986 222 328 / 606 929 137

CENTRO MUNICIPAL DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS
Rúa Joaquín Yáñez 6, 2º andar (Casco Vello). 36202 Vigo.
Biblioteca Pública Central. Tlf.: 986 229 074
Horario: luns de 10 a 14 h., martes a venres de 10 a 14 h. e de 16 a 20 h. Agosto pechado.

SERVIZOS ONLINE

VIOLENCIA DE XÉNERO: www.igualdadevigo.org/violencia

A través desta web as asociacións, profesionais, veciñanza e en especial mulleres que están a sufrir malos tratos poderán obter, entre outros servizos, información e vías de atención e asesoramento de forma áxil por parte de profesionais especializadas. A web ofrece recursos que existen en Vigo sobre violencia de xénero, así como cos distintos teléfonos de emerxencias a disposición das vítimas.

*Nesta web é posible acceder ás seccións de **ASESORAMENTO ONLINE**, solicitude de citas online e un buzón de suxestións, entre outros apartados. A estes servizos pódese acceder en cinco linguas: galego, castelán, inglés, francés e chinés, facilitando deste xeito a información ás mulleres inmigrantes.*

OBSERVATORIO MUNICIPAL DE XÉNERO: www.igualdadevigo.org/observatorio

O observatorio é un instrumento do Concello de Vigo que ten como función a de recoller as queixas e suxestións da cidadanía sobre calquera situación que vulnere o dereito da igualdade de oportunidades na cidade de Vigo, e difundir datos e estudos específicos sobre a situación das mulleres no noso contorno. Este instrumento responde tamén á necesidade de avanzar cara á obtención de diagnose e análise sobre a situación das mulleres na cidade de Vigo.



concellería
de igualdade
concello de vigo

www.igualdadevigo.org



TANTO MONTA MONTA TANTO...

SEXAS "ISABEL OU FERNANDO" COMPARTE TAREFAS, SÉ **CORRESPONSABLE**.

CONVOCATORIA 2011

PROGRAMA PARA FOMENTAR A CORRESPONSABILIDADE DOMÉSTICA E FAMILIAR.

CURSOS **GRATUÍTOS** PARA **MULLERES E HOMES**.



concellería
de igualdade
concello de vigo

www.igualdadevigo.org





REPARACIÓNS DOMÉSTICAS BÁSICAS



DESTINATARIAS: mulleres.
CONTIDOS: introdución ás ferramentas básicas para as reparacións domésticas (fontanería, electricidade, peches, mobles, electrónica...).

IMPARTIDO POR: profesorado do CIFP Valentín Paz Andrade.

Número de horas: 45.

Período e horarios: martes e xoves de 18:00 a 21:00 h (15 sesións).

Inicio: martes 15 de marzo, remate o martes 10 de maio.

Lugar: Centro IFP Valentín Paz Andrade. Estrada Vella de Madrid 160 - Meixoeiro.

Número de prazas: 20, máis reservas.

mixtos*



PODO COMUNICARME MELLOR



*Nos cursos mixtos asignaranse as prazas de forma equitativa entre as mulleres e os homes inscritos.

DESTINATARIOS E DESTINATARIAS: homes e mulleres que desexen entender ou mellorar as súas relacións cos/coas demais.

CONTIDOS: trataranse aspectos importantes da comunicación, as emocións, a asertividade e a empatía. O coñecemento da nosa personalidade. Como pensamos, sentimos e nos expresamos. As crenzas e valores persoais. O conflito interno e a súa manifestación exterior. Os recursos e as estratexias para mellorar a nosa comunicación.

IMPARTIDO POR: psicóloga especialista.

Número de horas: 20.

Período e horarios: luns e mércores de 18:30 a 21:00 h (8 sesións).

Inicio: luns 14 de marzo, remate o luns 11 de abril.

Lugar: Casa das Mulleres. Rúa Romil 20.

Número de prazas: 20, máis reservas.



SABERES E FACERES DOMÉSTICOS



* As asociacións veciñais da cidade que así o soliciten e reúnan os requisitos que a concellería de Igualdade estipule, poderán solicitar o desenvolvemento do curso "Saberes e faceres domésticos" nos locais da entidade. Máis información: 986 810 284.

DESTINATARIOS: homes / entidades veciñais*

CONTIDOS: clases prácticas e teóricas sobre alimentación saudable e preparación de menús, os coidados das prendas de vestir, técnicas de pasar o ferro, lavado, costura básica, marcado de prendas, tratamento de manchas, organización do armario, etc.

IMPARTIDO POR: profesorado especialista.

Número de horas: 41.

Periodo e horarios: martes e xoves de 19:30 a 21:30 h e do 14 de abril en adiante de 19:00 a 22:00 h. (17 sesións).

Inicio: xoves 10 de marzo, remate o xoves 12 de maio.

Lugar: Aula Sísifo de Formación. Gran Vía 170 - 1ºC.

Número de prazas: 15, máis reservas.

mixtos*



O COIDADO DAS PERSOAS DEPENDENTES



*Nos cursos mixtos asignaranse as prazas de forma equitativa entre as mulleres e os homes inscritos.

DESTINATARIOS E DESTINATARIAS: homes e mulleres.

CONTIDOS: para prestar unha boa atención ás persoas maiores que están ao noso coidado impartiranse módulos sobre hixiene, alimentación, mobilización, descanso e sono, seguridade, termoregulación, estima e coidar a quen coida. A metodoloxía basearase na impartición de clases teóricas e prácticas con simulación en manequíns preparados e co alumnado.

IMPARTIDO POR: profesorado da Escola Universitaria de Enfermería de Povisa.

Número de horas: 30.

Período e horarios: martes e xoves de 18:30 a 21:00 h (12 sesións).

Inicio: xoves 17 de marzo, remate o martes 3 de maio.

Lugar: Centro de Estudos de Povisa. Rúa Romil 75 - 77.

Número de prazas: 20, máis reservas.

Servizo de atención a persoas dependentes. As persoas que obteñan praza neste curso e teñan ao seu exclusivo coidado algunha persoa dependente poderán solicitar á concellería de Igualdade un servizo de atención a domicilio durante o desenvolvemento do mesmo. Este servizo non inclúe en ningún caso coidados sanitarios. A solicitude, xunto coa documentación que o Concello estime oportuna para xustificar a demanda, realizárase presencialmente na concellería de Igualdade antes do 10 de marzo.

CURSOS GRATUÍTOS. PRAZAS LIMITADAS.

INSCRICIÓNS:

PODEN REALIZARSE A TRAVÉS DO TELÉFONO 986 810 284 OU NA CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE VIGO, NA 1ª PLANTA DA CASA DO CONCELLO DE LUNS A VENRES EN HORARIO DE 8:00 A 15:00 H. CONCEDERANSE AS PRAZAS SEGUNDO A ORDE DE INSCRICIÓN.

PERÍODO DE INSCRICIÓN:

DESDE O DÍA 18 DE FEBREIRO ATA COMPLETAR O LÍMITE DE PRAZAS EN CADA UN DOS CURSOS.

REQUISITOS:

SER MAIOR DE IDADE, ESTAR EMPADROADA OU EMPADROADO NO CONCELLO DE VIGO E INSCRIBIRSE NALGÚN CURSO QUE NON REALIZARA NOUTRAS EDICIÓNS.

QUENDAS DE MAÑÁ:

AÍNDA QUE OS CURSOS OFERTADOS NESTE PROGRAMA IMPARTIRANSE EN QUENDAS DE TARDE, A CONCELLERÍA DE IGUALDADE PODERÁ ORGANIZAR ALGÚN DELES EN QUENDAS DE MAÑÁ, SEMPRE E CANDO EXISTA SUFICIENTE DEMANDA E SEXA POSIBLE POR PARTE DAS ENTIDADES COLABORADORAS. O SERVIZO MUNICIPAL DE IGUALDADE RECOLLERÁ AS SOLICITUDES DAS PERSOAS INTERESADAS E VALORARÁ A POSTA EN MARCHA DESTA NOVA QUENDA.

